

R E V I S T A O R A L

O PAZO DAS MUSAS

Nº 12

Xoves, 27 de decembro de 2007. Revista oral de periodicidade trimestral, editada polo Museo Provincial de Lugo (Rede Museística da Deputación de Lugo). Hora: 20 horas. Lugar: Refectorio do Museo Provincial de Lugo. Duración aprox.: 1,30 h. Deseño gráfico e animación dixital: **tatata**. Coordina: Antonio Reigosa

Ilustracións: Iván Prieto

O Museo Provincial de Lugo creouse por acordo da Deputación de Lugo o 28 de febreiro de 1932 e inaugurouse oficialmente o 10 de xaneiro de 1934. O *Pazo das musas* súmase aos actos conmemorativos do 75 aniversario dedicando parte dos seus contidos ás persoas, coleccións e historia desta institución.

SUMARIO

Portada musical

Tema: *Mata o porco Pepa*.

Instrumento: Cazo e vasoira.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

Memorias do Museo: *O Museo Provincial de Lugo na prensa no ano 1934*, por Fernando Arribas Arias (10')

Música

Tema: *Moendo*.

Instrumento: Gaita de cana.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

Poesía

Refuxios (parte primeira), por Lorena Souto (5')

Memorias do Museo: *Análise grafolóxica das sinaturas dalgunxs visitantes ilustres (I)*, por Laura Lizancos (8')

Música

Tema: *Concha del alma*.

Instrumento: Tixola.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

Memorias do Museo: *Análise grafolóxica das sinaturas dalgunxs visitantes ilustres (II)*, por Laura Lizancos (8')

Música

Tema: *Torna os bois, Antonio*.

Instrumentos: Chocas, vara de sabugueireo e trepia.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

Memorias do Museo: *Algunhas curiosidades do Museo P. de Lugo*, por Antonio Reigosa (5')

Poesía

Refuxios (parte segunda), por Lorena Souto (5')

Música

Tema: *Hai que afilala*.

Instrumentos: Testo e fouce.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

Teatros putrefactos. *Serie de realidades incómodas*, por Iván Prieto (10')

Música

Tema: *Canto dos pastores abrigados*.

Instrumento: Gaita grileira.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

Poesía

O abismo que nos acolle, por Lorena Souto (5')

Música

Tema: *O desprecio*.

Instrumentos: Tesoiras, culler e botella de anís.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

Opinión

Intervención libre do público asistente (3')

Epílogo

Por Encarna Lago, Xerente da *Rede Museística* da Deputación de Lugo (3')

Contraportada musical

Tema: *Brindo-Ai ruada*.

Instrumento: Gaita tumbal.

Intérprete: Xavier Blanco (3')

COLABORAN NESTE NÚMERO

Arribas Arias, Fernando

Profesor de EXB e Licenciado en Humanidades, traballa como Técnico de Difusión no Museo Provincial de Lugo. Etnógrafo e Historiador de Cine, leva publicados diversos traballos sobre a sétima arte en Lugo e sobre os cruceiros da Terra Chá. Conferencante e investigador, actualmente prepara a súa Tese de Doutoramento sobre os cruceiros galegos.

Blanco, Xavier

Natural de Moaña, mestre gaiteiro e Técnico en Cultura Tradicional do concello de Moaña. Desenvolve e xenera a través da Escola Obradoiro de instrumentos musicais galegos un valor social que garante a recuperación, mantemento e difusión das tradicións culturais e folclóricas de Galiza. Herdeiro da sabedoría da saga dos *Soledás*, a súa principal fonte de inspiración son as persoas de máis idade, das que aprende ao tempo que toma a responsabilidade da difusión dos coñecementos dos seus devanceiros. Como mestre artesán constrúe e restaura instrumentos tradicionais galegos, aplicando antigas técnicas de construción aprendidas da sabedoría popular. Ten recuperado desde un verniz ecolóxico (fabricado dunha maneira totalmente natural) até técnicas de mariñado de madeiras ou aproveitamento de madeiras frutais, coñecementos que aplica no proceso de construción dos instrumentos. É autor de varias publicacións e das gravacións “Instrumentos pobres” e “A gaita de cana”.

Lizancos Mora, Laura

Perito xudicial calígrafo e especialista en Documentoscopia. Asesora de Educación Artística e Educación Física do Centro de Formación e Recursos (CEFORE) da Coruña. Fotógrafa

recoñecida con numeroso premios. Participa como voluntaria no proxecto Dalit: a mirada dos intocables, que se desenvolve no estado indio de Karnataka a favor dos dalits, considerados os más pobres entre os más pobres.

Prieto, Iván

O Barco de Valdeorras (Ourense), 1978. Reside en Lugo dende hai 4 anos. Comeza o seu labor creativo con 18 anos facendo a súa primeira individual na Casa da Cultura da vila que o viu nacer. Marcha un ano a Ourense onde estuda na *Escola de Arte Antonio Faílde*, para preparar a proba de ingreso na Facultade de Belas Artes da Complutense de Madrid, onde se licenciará. No último ano de estudos vai becado a Utrecht, Holanda, onde estudará na *Hoogeschool voor de Kunsten*. Actualmente é un referente da xove arte galega, despois de participar en exposicións individuais por toda Galicia, León e Madrid, e en colectivas internacionais en Holanda, París e Italia. Recibiu numerosos premios e recoñecementos, entre eles, o máis recente *Galiza Crea 2007*.

Souto, Lorena

O Páramo, 1983. Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela, actualmente realiza estudos de doutoramento en Teoría da Literatura e Literatura Comparada. Socia do proxecto editorial Estaleiro Editora dende a súa fundación, é parte do Consello de Redacción da revista *Dorna*, así como colaboradora da revista *Nova Ólisbos*. Como crítica literaria ten colaborado coa revista *Grial*. A súa actividade poética, desenvolvida especialmente en recitais públicos, fica espallada en distintas publicacións e sitios web.



Máis información: www.museolugo.org